

Orientación sobre as probas unificadas do Ciclo Elemental para o alumnado libre de galego

CURSO 2006/2007

As probas libres para a obtención do Ciclo Elemental do ano 2007 desenvolveranse de acordo coa Circular 1/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

- 1. DATAS**
- 2. ESTRUTURA E BAREMO**
- 3. PROGRAMA**
- 4. BIBLIOGRAFÍA**
- 5. NOTAS IMPORTANTES**

1. DATAS

CONVOCATORIA DE XUÑO:

Parte escrita _____ Parte oral

6 xuño, mércores, 16:00

12 xuño, martes, 16:00

CONVOCATORIA DE SETEMBRO:

Parte escrita _____ Parte oral

4 setembro, martes, 16:00

10 setembro, luns, 09:30

2. ESTRUTURA E BAREMO

2.1. ESTRUTURA

A circular 1/2007 recolle a seguinte estrutura:

14. As probas do ciclo elemental e superior serán cualificadas sobre un máximo de 100 puntos e constarán dunha parte escrita e unha parte oral.

15. Para obter a cualificación de apto na proba do ciclo elemental deberá acadarse un mínimo de 60 puntos sumadas a puntuación da parte escrita e da parte oral.

16. A parte escrita terá carácter eliminatorio e, para superala, haberá que acadar o 60% da súa puntuación global.

17. Para superar a proba oral haberá que acadar un 60% da puntuación global desa proba.

18. Ao alumnado que supere unicamente a parte escrita na convocatoria de xuño manteráselle a cualificación para a convocatoria de setembro dese mesmo curso escolar.

19. A parte escrita incluírá actividades referidas ás seguintes destrezas:

-Comprensión de lectura

-Expresión escrita

Poderá incluírse un apartado de competencia lingüística e actividades referidas á destreza de mediación.

20. A proba oral incluírá actividades referidas ás seguintes destrezas:

-Comprensión oral

-Expresión oral

22. A administración das probas, así como a avaliación e posterior valoración dos seus resultados, será responsabilidade de cada un dos departamentos das escolas.

2.2. BAREMO

PUNTUACIÓN TOTAL: 100 puntos (mínimo para a súa superación:60 puntos)

Parte escrita:70 puntos (mínimo para a súa superación: 42 puntos)

- Competencia lingüística: 40 puntos
- Comprensión de lectura: 5 puntos
- Expresión escrita: 25 puntos

Parte oral: 30 puntos (mínimo para a súa superación: 18 puntos)

- Comprensión oral: 5 puntos
- Expresión oral: 25 puntos

3. Programa

3.1 OBXECTIVOS E CONTIDOS MÍNIMOS DO CICLO ELEMENTAL

Os obxectivos e contidos xerais e específicos están publicados no Real Decreto 1523/1989, B.O.E. do 18 de decembro de 1989 e son os seguintes:

3.1.1. OBXECTIVOS XERAIS

O Ciclo Elemental ten como finalidade primordial que o/a alumno/a adquira un nivel básico de competencia na expresión e comprensión da lingua galega, tanto na súa forma falada como escrita, para que sexa capaz de a empregar en situacións cotiás como instrumento de comunicación. Preténdese proporcionar a información básica sobre as características fonéticas, estruturas e normas de interacción comunicativa que condicionan o uso da lingua, así como sobre os aspectos culturais do noso país que poidan ter influencia nas situacións sociais máis frecuentes.

Ao finalizar o ciclo, os/as alumnos/as deberán posuír un corpus de coñecementos teóricos básicos, pero organizados e coherentes, que lles permitan falar, ler e escribir en galego; coñecer no esencial a orixe do galego e a súa historia, e posuír unha serie de datos que lles permitan avaliar dun modo razoado e independente a situación actual da lingua.

3. 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

A) Desenvolvemento da competencia comunicativa

Ao finalizar o Ciclo Elemental o/a alumno/a estará en condicións de realizar as seguintes actividades:

A.1. Lingua falada:

- Comprender os discursos que lle dirixan en galego, en conversas non especializadas, a velocidade normal, mesmo por teléfono.
- Comprender, polo menos, o esencial da información difundida a través dos medios de comunicación que utilizan como soporte a lingua oral, tales como a televisión, a radio, o cinema, etc.
- Participar de forma apropiada á situación de comunicación en conversas sobre temas de actualidade, así como sobre o propio traballo, a súa familia e calquera tipo de información relevante.
- Expresar as súas propias ideas, sentimentos e necesidades de forma clara, aínda que for sinxela.

A.2. Lingua escrita:

- Comprender no esencial a información contida en anuncios, folletos, respostas comerciais, etc., así como en correspondencia persoal sinxela.
- Comprender de forma xeral artigos de prensa non especializados.
- Comprender versións simplificadas e adaptadas de material literario.
- Escribir notas, apuntamentos breves e comunicacións persoais sinxelas.
- Encher cuestionarios, formularios e, en xeral, os tipos de impresos máis habituais.
- Comunicarse por escrito, de xeito elemental pero suficiente, con institucións civís, empresas de servizos, etc.

- Escribir sobre temas de interese xeral que coñeza, transmitindo como mínimo a información básica.

A.3. Interacción social:

- Desenvolverse con certa confianza nas situacións sociais en que se poida ver envolvido con máis probabilidade.
- Recoñecer as actitudes, estados de ánimo e intencionalidade explicitamente expresados polos seus interlocutores e reaccionar ante eles de modo axeitado.
- Utilizar a lingua de estudo coa adecuación debida (registro formal-informal, fórmulas de cortesía, etc.), co fin de que a súa actuación lingüística produza os resultados pretendidos.

B) Desenvolvemento da competencia gramatical

A información referente á lingua obxecto de estudo orientarase nun sentido máis creativo que analítico ou descritivo, insistindo no uso práctico máis que na simple comprensión intelectual das estruturas gramaticais.

Ao cabo do Ciclo Elemental o alumnado estará en condicións de:

- Discriminar e articular os sons propios do sistema fonolóxico, tanto en palabras illadas como na cadea falada, así como a súa acentuación básica, de forma que permita a comunicación con falantes da lingua.
- Comprender e empregar as pautas rítmicas e de entoación máis frecuentes.
- Recoñecer e utilizar o sistema de representación gráfica.
- **Deducir o significado de palabras e expresións mediante un coñecemento das regras básicas de formación do vocabulario.**
- Comprender e expresar relacións internas dentro da estrutura sintagmática e oracional.
- Comprender e expresar significados conceptuais (relacións lóxicas, nocións e relacións de cantidade e grao, nocións aspectuais, modalidade, etc.).
- Comprender e expresar relacións entre distintas partes do discurso falado ou escrito, mediante os mecanismos básicos, léxicos e morfosintácticos, de conexión.

3.3. CONTIDOS MÍNIMOS (3 cursos)

1º curso

1.- Fonética

- O alfabeto galego. Nomes das letras.
- Fonemas vocálicos. Abertos e cerrados. Ditongos e tritongos.
- Fonemas consonánticos.
- A ortografía. Uso dos grafemas máis elementais.
- O acento. O acento gráfico, os seus usos.
- A diérese. O guión. Signos de puntuación máis elementais.

2.- O substantivo.

- O xénero e a formación do feminino.
 - Substantivos femininos e masculinos de especial interese.
 - O xénero das árbores froiteiras.
 - Os terminados en -AXE e en -SE (gregos -SIS).
 - Os procedentes de -ANU/-ANA e -ANE).
 - O número. Singular e plural.
 - A formación do plural.
 - O plural dos terminados en -L e en -N. Os terminados en vogal tónica ou ditongo.

- 3.- O adxectivo.
 - Xénero e número.
 - Gradación do adxectivo; comparativas de igualdade, inferioridade e superioridade.
 - Posición.

- 4.- O artigo.
 - O artigo determinado. Formas reducidas e segunda forma.
 - Contraccións do determinado.
 - O artigo indeterminado. Contraccións.
 - Principais usos do artigo determinado e indeterminado.

- 5.- O pronome persoal.
 - Formas tónicas e átonas.
 - Concorrenza de formas átonas.
 - Uso de TE e CHE.
 - Emprego das formas oblicuas no segundo termo da comparación.
 - Posición do pronome átono dependendo dunha forma verbal finita.

- 6.- O demostrativo.
 - Formas. Masculino, feminino e neutro.
 - Contraccións coa preposición.
 - Usos e valores especiais.

- 7.- O posesivo.
 - Formas. Masculino e feminino. Un e varios posuidores.
 - Posesivo precedido de artigo.
 - Posición.

- 8.- Os indefinidos e numerais.
 - Formas variables e invariables dos indefinidos.
 - Algunhas contraccións.
 - Numerais, cardinais e ordinais.

- 9.- Relativos, interrogativos e exclamativos.
 - Formas e usos dos máis importantes.
 - Construcións especiais.

10.- O verbo.

Conxugación dos verbos regulares.

Verbos con alternancia vocálica da 2ª e 3ª.

Conxugación dos verbos irregulares.

Perífrases. Uso das seguintes: ter que + infinitivo, ir + infinitivo, haber (de) + infinitivo, haber que + infinitivo, ter + participio, dar + participio, estar + xerundio, estar a + infinitivo, ir + xerundio, andar + xerundio e andar a + infinitivo.

11.- O adverbio.

Formas dos adverbios de lugar, modo e tempo máis usuais.

12.- A preposición.

Preposicións e locucións prepositivas máis frecuentes.

2º curso

1.- Fonética.

Valor significativo do timbre. Oposicións fonolóxicas.

A sílaba. Estrutura.

Agrupacións vocálicas e consonánticas.

Signos de puntuación. Profundamento e ampliación. O seu uso.

Entoación. Pautas de entoación básicas: ascendente e descendente.

Estruturas de entoación: enunciativas, interrogativas, exclamativas, afectivas-emotivas, dubitativas...

Contraste entre **N** velar e **N** alveolar.

Ortografía. Grupos consonánticos máis frecuentes e dubidosos.

Asentamento de palabras cultas e semicultas. Familias léxicas irregulares.

2.- O substantivo.

Aumentativo, diminutivo e despectivo.

Casos especiais na formación do plural. Palabras compostas.

Adaptación de nomes novos.

O significado do xénero.

Casos especiais na formación do feminino.

3.- O adxectivo.

Clases e oposición.

Apócope.

Concordancia. Casos especiais.

A gradación. Formas analíticas e sintéticas. O superlativo.

4.- O artigo.

Usos con nomes propios, alcumes, nomes xeográficos e en expresións temporais.

A forma El do artigo.

Secuencias nas que contrae a preposición co artigo.

5.- O pronome persoal.

Profundamento no uso dos pronomes TE / CHE e LLE / LLES.

O pronome de solidariedade e interese.

Secuencias de pronomes átonos.

Os reflexivos. Uso cos verbos transitivos.

Profundamento na posición do pronome átono na oración con formas perifrásticas e formas infinitas. Casos especiais da posición do pronome átono (con adverbios, indefinidos...)

6.- Os demostrativos.

Profundamento no estudo dos demostrativos.

Usos de ESTOUTRO, ESOUTRO e AQUELOUTRO.

7.-Os posesivos.

Usos e significación. As formas de respecto. O caso de MI, TU, SU,.

Formas que expresan propiedade exclusiva (DE MEU...) e o distributivo.

Outras. Posesivo como substantivo.

8.- Os indefinidos e numerais.

Formas de multiplicativos, partitivos e colectivos.

Profundamento no uso dos indefinidos e numerais.

9.- O verbo.

Profundamento no estudo dos verbos de 2ª e 3ª conxugación con alternancia vocálica.

Usos e valores dos distintos tempos.

Formas infinitas: infinitivo, xerundio e participio.

Participios dobres.

Uso do infinitivo conxugado.

Profundamento no estudo dos verbos irregulares.

Perífrases. Formas, valores e usos.

Grupo de verbos que se mantiveron na segunda (tipo rexer, ocorrer, bater).

10.- O adverbio.

Clases.

Formas dos adverbios de lugar, tempo, modo, cantidade e precisión.

Outros adverbios.

Locucións adverbiais.

Tratamento dos casos especiais.

A afirmación, a negación e a dúbida.

11.- A preposición.

Ampliación do estudo das preposicións e locucións prepositivas.

12.- A conxunción.

Estudo das formas. O seu significado e usos.

3º curso

1.- Fonética.

Fenómenos especiais que afectan ao vocalismo: prótese, epéntese, paragoxe, aférese, síncope e apócope. Vacilacións vocálicas.

Fenómenos consonánticos: gheada, seseo, yeísmo, rotacismo, palatalización...

Ortografía. Outros grupos cultos.

Profundamento no uso dos signos de puntuación.

2.- O pronome persoal.

O desprazamento de significación . O maxestático.

Os reflexivos: ampliación. Uso cos verbos pronominais.

Pasiva. O SE da pasiva.

A interpolación.

Verbos que admiten dobre construción (te /che , o / lle).

3.- O verbo.

Vogais abertas e cerradas nos verbos regulares e irregulares.

Profundamento no uso do infinitivo conxugado. Transformacións.

Verbos en construción copulativa, transitiva, pronominais e reflexivos.

A concordancia co suxeito. Construcións impersoais máis frecuentes.

4.- Modalidades oracionais.

Oracións enunciativas, interrogativas, exhortativas, imperativas e desiderativas.

Oracións exclamativas e dubitativas, afirmativas e negativas.

A interxección.

5.- Sintaxe.

A comparación.

Cláusulas temporais. Construcións posibles e nexos utilizados.

Cláusulas de lugar, causais, de relativo e completivas.

6.- Historia externa da lingua.

O nacemento do galego. O galego na Idade Media. Situación social da lingua.

Os Séculos Escuros. Causas da decadencia da lingua no ámbito da escrita

Do Rexurdimento á actualidade. Século XIX. Século XX.

Situación de pre e posguerra.

7.- Situación actual da lingua.

Linguas en contacto. O conflito lingüístico. Bilingüismo e diglosia.
Distribución social da lingua.
Normalización e normativización.

8.- A lingua estándar.

As desviacións da norma.
Interferencias lingüísticas: castelanismos (fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos).
Fenómenos diferencialistas: o hipergaleguismo. Arcaísmos e lusismos.
Vulgarismos e dialectalismos.

Léxico para o Ciclo Elemental

1º curso

- 1.- O tempo cronolóxico.
- 2.- O corpo humano.
- 3.- A saúde e as enfermidades.
- 4.- A casa.
- 5.- Utensilios e obxectos da casa e da cociña.
- 6.- A cidade.
- 7.- A roupa e o calzado.
- 8.- As comidas.
- 9.- As bebidas.
- 10.- A cafetería e o restaurante.
- 11.- O mercado. A compra. O supermercado.
- 12.- Relacións de parentesco.

2º curso

- 1.- As diversións.
- 2.- Os deportes.
- 3.- Os xogos.
- 4.- A paisaxe. O medio.
- 5.- As árbores froiteiras.
- 6.- Outras árbores e plantas.
- 7.- Os animais.
- 8.- Fenómenos meteorolóxicos.
- 9.- Oficios e profesións.
- 10.- Estados psíquicos, sensacións e sentidos.
- 11.- O ensino.
- 12.- **Pesas e medidas.**

3º curso

- 1.- **O universo e a natureza.**
- 2.- O medio agrícola. Labores, produtos, ferramentas e máquinas.
- 3.- O medio industrial.
- 4.- A relixión e as crenzas.
- 5.- A xeografía. Nomes xeográficos (a toponimia).

- 6.- A antroponimia (nomes de persoas).
- 7.- Medios de comunicación.
- 8.- A informática.

4. BIBLIOGRAFÍA: LIBROS DE TEXTO, CONSULTA E EXERCICIOS

O exame seguirá as Normas ortográficas e morfolóxicas do Idioma Galego da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega de 2003. (Publicadas na edición recomendada de 2004)

En caso de diverxencias nos libros de lectura, consulta e exercicios recomendados coas escollas da Normas, **prevalecerán sempre as Normas.**

Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, RAG/ILG, 2003.
Galego, século XXI, Nova Guía da Lingua Galega, VVAA, Ed. Galaxia, 2004
Exercicios de Galego, século XXI, VVAA, Ed. Galaxia, 2004
O galego correcto, Rafael Chacón e Manuel Rodríguez. Ed. S.M.
Prácticas da lingua, A. Bernárdez e A. Colmenero, Ed. do Cumio.
Novas prácticas de lingua, VVAA, Ed. Cumio
Manual de galego urxente, VV. AA., Ed. Xerais.
Gramática da lingua galega ,I, II, III, IV, X. R. Freixeiro, Ed. A Nosa Terra.
Gramática da lingua galega, R. Álvarez e X. Xove, Ed. Galaxia.
Gramática Galega, Rosario Álvarez e outros, Ed. Galaxia.
Gramática práctica, (Morfosintaxe), Hermida Gulías, C, Ed. Sotelo Blanco
Manual de lingua galega, I. Teoría e práctica, X. A. Granxa e M^a X. Méndez, Ed. Xerais.
Ortografía da lingua galega, Begoña González Rei, Ed. Galinova, 2004
Lingua galega e literatura, 2, Bacharelato, A. Nieto e X. Troitiño, Ed. Anaya.
Prontuario ortográfico de galego, V. Arias, Ed. do Cumio.
Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega, X. Graña Núñez, Ed. Ir Indo.
Língua e sociedade na Galiza, M. Portas, Bahía Edicións
Dialectoloxía da lingua galega, F. Fernández Rei, Ed. Xerais.
Traballando co léxico 1, varios autores, Ed. Xerais,
Traballando co léxico 2, varios autores, Ed. Xerais
Traballando co léxico 3, varios autores, Ed. Xerais

DICIONARIOS DE CONSULTA

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)
Dicionario Xerais da lingua, ed. revisada, 2004
Gran Dicionario Xerais da Lingua, Ed. Xerais, 2000
Dicionario de ortografía da lingua galega, VVAA, Ed. Galinova, 2004
Dicionario da Lingua galega, Obradoiro-Santillana, 1995
Diccionario Xerais Galego-Castelán, Castellano-Gallego, 2005

Dicionario Xerais Castelán - Galego de usos, frases e sinónimos, Ed. Xerais
Dicionario de sinónimos da Lingua Galega, Ed. Galaxia

5. NOTAS IMPORTANTES

- NON hai libros de lectura obrigatorios.
- O alumnado libre poderá matricularse na mesma convocatoria para a proba do ciclo elemental e para a proba do ciclo superior. A presentación a esta última estará supeditada á superación do ciclo elemental.
- O alumnado non poderá estar matriculado no mesmo idioma e curso no mesmo ano académico por ensino oficial e libre simultaneamente.
- De superar a proba de ciclo elemental, o alumnado poderá incorporarse ao primeiro curso do ciclo superior do réxime de ensinanza oficial presencial en calquera escola de Galicia, sempre e cando exista dispoñibilidade de prazas na escola na que desexe matricularse. As escolas informarán documentalmente ao alumnado desta circunstancia no momento da matrícula.
- As reclamacións aos resultados das probas presentaranse por escrito ante a dirección da escola no prazo de dous días lectivos posteriores á súa publicación.
De persistir o desacordo, o alumno poderá reclamar ante a delegación provincial, no prazo dun día lectivo posterior ao da comunicación da dirección da escola. A delegación provincial resolverá tras o informe do servizo de inspección, no prazo de dous días hábiles.
- No caso de superar as probas unificadas, será a escola quen lle expida a correspondente certificación académica ao alumnado que supere a proba de ciclo elemental, no caso do ciclo superior será a Administración Educativa quen emita o mencionado diploma.